

**Yann-Vari Perrot.
Historia dunha
obra de teatro**

Goulc'han Kervella

Tradución de Carolina Díaz García-Muñoz



ACTORES:

Yann-Vari PerrotAndreo Olivier
Olier MordrelBob Simon
Moseñor DuparcPaskal Kariou
Célestin LainéJakez ar Borgn
Remont DelaporteGoulc'han Kervella

e Yvette Bosseur, Joël Merrien, Gislaine e Didier Porchel, Guy Berthou, Lina Bourdier, Françoise Saillour, Marcel Berrou, Vefa Gwenegan, Nicole ar Vourc'h.

MÚSICA:

Guy Émily, Kristian Desbordes.

DANZAS:

Jocelyne Malreuil-Boennec, Dominique Madeleine (Dihun, Reudon), Marie-Christine Garnaud.

VESTIARIO:

Georgette Merdy, Compañía Ar Vro Bagan.

ESCENOGRAFÍA:

Compañía Ar Vro Bagan, Jean-Paul Mellouët.

DESEÑO DO CARTEL E DO LIBRIÑO

Jean-Paul Mellouët (debuxo).

VOCES EN OFF (RADIO):

Yvon Étienne, Paul-Yvon Virot, Philippe Perhilou, Bernez Rouz, Monique coa axuda de Henri Sire, Yves Quentel, Pierre Carn e os medios técnicos de R.B.O.

DIRECCIÓN: Goulc'han Kervella.

Coa axuda do Skol-Uhel ar Vro (Instituto Cultural de Bretaña).

TOPÓNIMOS (con dobre nomenclatura)

Vilas

BRETÓN	FRANCÉS
An Uhelgoad	Huelgoat
Ar Folgoad	Le Folgoët
Gwened	Vannes
Kastellin	Châteaulin
Kastell-Nevez	Châteauneuf-du-Faou
Kemper	Quimper
Keranna	Sainte-Anne-d' Auray
Landerne	Landerneau
Lannuon	Lannion
Lannvaz	Lanvaux
Montroulez	Morlaix
Naoned	Nantes
Plouarzhel	Plouarzel
Ploueskad	Plouescat
Plougastell-Daoulaz	Plougastel-Daoulas
Plougerne	Plouguerneau
Roazhon	Rennes
Sant-Albin-an-Hiliberenn	Saint-Aubin-du-Cormier
Skriagnag	Skriagnac

Bispados

BRETÓN	FRANCÉS
Kerne	Cornouailles
Leon	Léon
Treger	Trégor

Comarca

Poc'her	Poher
---------	-------

Fragas

Krannoù (Ar C'hrannoù)	Crannou
Kennekan	Quencan

Ríos

Gwilen	Vilaine
Liger	Loire

1. MORTE FITIVA DE PERROT

Cara ao mediodía, no campo. Cantan os paxaros. Perrot camiña calmoso co seu breviario na man. Fita o seu emblema, ledó. Ségueo un acólito novo dando choutos. Perrot detén o seu paso e olla para o acólito.

PERROT: Cantos anos tes, Remont?

ACÓLITO: Trece, padre Perrot.

PERROT: Pois hoxe hai trece anos que son o cura aquí.

Óese un tiro.

PERROT: Que foi iso?

Outro tiro. Perrot cae cara atrás, alcanzoulle un tiro na cabeza. Óense gargalladas ao lonxe. Achégase o acólito para ver que ocorreu. O arrepío vese no seu ollar. Érguese e foxe berrando.

ACÓLITO: Mataron o señor cura! Mataron o señor cura!

Achégase unha muller cun caldeiro e un pano. Seca a cabeza sanguenta do cura e marcha ao oír cantos ao lonxe. Na penumbra achégase unha ringleira de xente cantaruxando. Son cancións de mortos. Avanzan e recúan xuntos ou por separado. Primeiro, o pobo; despois, Remont Delaporte.

DELAPORTE: Era un simple cura de aldea. Mais queríamolo máis ca a todos os príncipes da Igrexa porque a Bretaña cantaba a través del. A quen asasinaron? Ao cura ou ao bretón? Foi un grande erro porque Perrot non tiña inimigo ningún. Aínda perdoaría o seu asasino. Podemos dicir que Perrot é xa un mártir da historia da Bretaña.

Óese un ruído xordo. Calan os cantos. Chegan Célestin Lainé e outros dous mozos, altos e enxoitos, vestidos de negro. Lainé xira arredor do corpo, rompe unha póla de teixo e déixaa encol do corpo de Perrot.

LAINÉ: Lo juro. Queda declarada la guerra entre los enemigos de Bretaña estén donde estén y nosotros. Ellos fueron los que primero tiraron. Estamos preparados y mañana tomamos las armas.

Marcha mentres voltan os cantos. Monseñor Duparc, bispo de Kemper e Leon, achégase ao carón do cura finado.

DUPARC: Vengo a compartir vuestro dolor y empezaré diciéndoos que me horroriza tanto como a vosotros el asesinato del que fue víctima vuestro querido rector. Su trágica muerte le da a todo el país una gran lección, la de que la unión de todos los ciudadanos es necesaria para la salvación de Francia. Los partidarios de la guerra civil nos llevarían a los abismos. Por eso unámonos alrededor del gran jefe del que se dotó Francia y oremos en reconocimiento a todos nuestros muertos en la guerra.

Volta cara atrás. A xente parece amolada a agardar alguén que non chega, a mirar en todas as direccións. Estrondo: Perrot bateu no chan coa man. Incorpórase.

ANDREV: Mordrel! Agora tócalle a Mordrel!

Os actores deixan de actuar. Íspense, desenféitanse e van marchando da escena polos laterais.

NIKOL: Mordrel sempre chega demasiado tarde.

JAKEZ: Ficou nas verzas!

GOULC'HAN: Como podemos rematar a peza? Un día e outro tamén falla algún de nós. E todo isto a só unha semana da representación.

Le nun caderniño e volve a mirada cara a Jakez.

E ti, mellor é que digas «abrimos las hostilidades» no canto de «declaramos la guerra».

JAKEZ: Iso foi o que dixo Lainé.

GOULC'HAN: Ti non es Lainé. Coida o que dis diante da xente.

JAKEZ: Volviches cagar nos pantalóns?

Na outra banda da escena atópase Paskal mirando a súa roupaxe de bispo.

PASKAL: Non vos parece grazoso ver o bispo no soterramento xunta dos Breiz Atao?

ANDREV: Sempre resulta grazoso ver un bispo!

PASKAL: O día do soterramento Duparc non fora a Koad-Kev.

ANDREV: Disque lle daba vergoña estar ao seu carón e á beira dos soldados alemáns.

PASKAL: Seica non tiña moita vergoña de andar cos alemáns xa que vos estaba de acordo co mariscal Pétain de pés á cabeza.

Póñense a cantar de viva voz Paskal e Andrev “Maréchal nous voilà”.

NIKOL: Tampouco fora o pobo até Koad-Kev.

JAKEZ: Xentes de Skrignag, xentes medorentas!

NIKOL: E logo a santo de que tiñan que ir se lle querían mal a Perrot?

JAKEZ: Mal non lle querían, se cadra ao contrario. Mais tíñanchelles medo non fose que lles fixesen un pixama de madeira tamén a eles como lles dixeran os guerrilleiros. Ratatatatatata!

E fai coma se tirase cunha metralladora.

ANDREV: Onde diaños quedou Bob?

GOULC'HAN: Son as oito, hora de cear algo.

PASKAL: Si, si. Hora de rematar. É hora de rematar!

JAKEZ: Eh! Escoitade o bispo da C.G.T. Xa é hora!

PASKAL: Mellor ser bispo da C.G.T. ca seguidor da Fronte Nacional.

NIKOL: Morra o conto! Dende que chegamos a esta sala non parades de rifar. Vamos comer.

GOULC'HAN: Veña, liscando. Non queda moito tempo para rematarmos a peza.

ANDREV: Imos á casa de...?

JAKEZ: «Os nosos pais dobregáronse, de guerrear esmendrellados

E tras eles, por séculos, imos asoballados

Demasiado pesado é o xugo do estranxeiro cru sobre as nosas costas

Non, xa non somos quen de nos calar pois as súas leis rigorosas...»

PASKAL: Veña, tira! E para xa coa túa canción, fascista!

NIKOL: Apagade as luces! Brr ... Vaia casa! Mete medo!

Saen e as luces vanse apagando aos poucos. Escuridade na sala.

2. A CHEGADA DE OLIER MORDREL

Unha porta renxe ao abrir. Entra unha persoa vestida de traxe e cunha gravata. Leva unha maleta. Olla cara á roupaxe de teatro penduradas do tabique. Volve pór a radio. Falan dun partido de fútbol entre dous equipos do país. Xogan duro. O home baixa até ao escenario e vai sentar diante do espello, xogar a enfeitarse, e fita a súa face. Érguese, colle o caderno que deixou Goulc'han e vai sentar no medio da escena baixo os focos. Comeza a ler. Óese agora música na radio. Ábrese a porta. Entra Jakez na sala. Queda abraiado ao ver ao home sentado, como enfeitizado. Andrev empurra Jakez para o espertar.

ANDREV: Ei! Por fin chegaches!

NIKOL: Ían sendo horas. Ti non te amoles, meu.

Baixan á sala e van pór os traxes cando a radio comeza coas novas. Quedan quedos a escoitar.

RADIO: Skrignag. Na noite pasada foi estragado o monumento aos mortos que había no adro. Eran sobre as once cando estoupou a bomba. Non hai mortos nin feridos. Tampouco o reivindicou ningunha organización. Mais os xendarmes pensan que foron os nacionalistas bretóns para conmemorar a morte de Yann-Vari Perrot, o doce de decembro de 1943. Yann-Vari Perrot nacera en Plouarzhel en 1877. Despois da guerra pasou á primeira liña como enfermeiro e foi nomeado párroco en Plougerne onde ficaría dez anos. En 1930 foi nomeado sacerdote en Skrignag. Traballaba en prol da Bretaña e do bretón, dirixía a revista *Feiz ha Breiz*, e creara a *Bleun Brug*... Durante a Segunda Guerra Mundial foi acusado de colaboración co inimigo...

Ergueuse Andrev de súpeto e apagou a radio.

ANDREV: Outra vez co de colaborar cos alemáns! Abofé que son os comunistas os que falan!

PASKAL: Se é certo que colaborou cos alemáns, por que ocultar a verdade?

ANDREV: E ti? Coñeces ti a verdade?

PASKAL: Oín aos vellos de Skrignag dicir que Perrot vendía maquis aos alemáns.

ANDREV: Abofé!

NIKOL: Disque ía acotío á comandancia de Landerne para denunciar xentes da Resistencia.

JAKEZ: A Landerne! Se lle quedaba máis preto Montroulez! De todos os xeitos, aínda que tivese vendido maquis, ese era o seu deber.

PASKAL: O seu deber! Penso que ti estarías de bo grado na Milicia Perrot!

ANDREV: A Milicia Perrot constituíuse despois da morte de Perrot.

JAKEZ: Bravo, Decaux!

PASKAL: Perrot sabía ben quen eran Lainé e Mordel e aínda así acollíaos na casa reitoral como amigos. Por exemplo, Lainé estudou con Perrot.

GOULC'HAN: Tanto ten de que lado estivese Perrot, a nos vannos dar dos dous, xa veredes.

JAKEZ: Outra vez co medo!

NIKOL: Xa vos dixera que era demasiado cedo para representar a obra. A xente que coñeceu a Perrot aínda está viva.

ANDREV: Non vai ser cando morran que vas saber algo deles.

GOULC'HAN: Xa era difícil representar esta obra de teatro. Agora co que acaba de pasar en Skrignag, será máis difícil aínda. Haberá leas.

ANDREV: Problemas? Non somos nós os que procuramos problemas. Nós só facemos unha obra de teatro. Xa non imos poder expresarnos?

BOB: Sucedeu ás once e eu estaba á mesa comendo cuns amigos de meu.

JAKEZ: A bomba estoupou ás once e media.

NIKOL: E ti como o sabes? Estabas aló?

ANDREV: Acusan o Emsav! Quen sabe, seica foron os labregos do C.D.J.A.

Jakez berra coa dor nun ombreiro ao sacar a camisa.

NIKOL: E que lle pasa a este agora?

JAKEZ: Non é nada, só unha rabuñada.

ANDREV: Ou unha «skrignada»...

NIKOL: E como a fixeches?

ANDREV: Poida que onte á noite en Skrignag.

PASKAL: Seguro que non foi traballando.

GOULC'HAN: Que dices? Seguimos ou renunciámos?

ANDREV: Renunciar? Non imos parar a obra unha semana antes da representación. Habíamolo de pensar ben antes de comezar; agora é demasiado tarde.

PASKAL: Ao meu ver éche moi sinxelo resolver o problema. Só temos que dicir a verdade: «Os obreiros mataron Perrot posto que os esmagaba, xunto cos patróns».

BOB: Que simple é a túa verdade! Imos até a fin. Non agochemos as cousas.

NIKOL: Non paremos así! A xente agarda ver a obra. Só fai falta mudar algunhas cousiñas, quitar o que poida amocar a algúns...

JAKEZ: Non sobra nada! Non hai dabondo! Temos que facer barullo.

GOLUC'HAN: Non viñemos aquí a facer barullo. Sigamos logo! Listos para a Primeira Guerra Mundial? Tedes tempo dabondo para mudar de traxes?

PASKAL: Vai ser moi xustiño...

GOULC'HAN: Ben! Adiante coa Primeira Guerra Mundial!

Érguense os actores e van ao centro do escenario. Achéganse outros actores vestidos de soldado da Primeira Guerra Mundial. Xúntanse no centro do escenario, cos brazos alzados cara ao ceo.

NIKOL: Ponme medo esta sala. Como se houbese algo vivo nela...

Escuridade.

3. A PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL

No escenario os corpos dun tropel de soldados retórcense coas dores terríbeis que sofren, como se morresen amodiño e se erguesen de novo do chan. Óese música arrepiante, luces azuis, vermellas alternadas... Yann-Vari Perrot pasa entre eles coas súas vestimentas de cura. Con ollada apesurada estende as súas mans para tentar axudar os pobres soldados. Séntese a súa voz ao avanzar....

VOZ DE PERROT: Non son quen de respirar baixo a pesada carga que me lanzades sen acougo. Deixade ao meu país a liberdade de vivir como queira. Xa somos grandes dabondo para non necesitarmos que nos levedes atados. Francia, douscentos mil bretóns morreron na defensa da súa liberdade; e por que non correspondería participar un anaquiño da liberdade que mercamos tan cara para vos?

Achégase ao bordo do escenario. Séntese ao lonxe música popular : «Son ar vleunienn winizh-du» de Teodor Botrel mesturada cun discurso fachendoso, mentres aparece un grupo de persoas portando un cadaleito cuberto das cores branca e negra.

VOZ EN FRANCÉS: «Hoy, señoras y señores, lo que nos retiene es la meditación en el pasado. Este viejo país, uno de los más antiguos del mundo, por el extremo de Europa, esculpido en la montaña y cincelado por el mar, parecía destinado a conservar en el aislamiento de sus bosques su carácter austero e incluso algo salvaje. Y he aquí que acepta darse libremente a Francia. Bretaña es la Francia misma. Así lo quiere la naturaleza. «Esta pobre vieja provincia -decía Michelet- nos ha salvado más de una vez. A menudo, cuando la Patria se veía acorralada y casi desesperada, siempre se hallaban pechos y cabezas bretones más duros que el hierro de los extranjeros. Así preséntase en esta invencible unidad francesa el carácter bretón en el que se concilian el respeto de la tradición, un amor de progreso llevado hasta la aventura, una devoción y una fidelidad a la Patria llevada hasta el infinito». Señores, viva Bretaña, fuerza irreductible de Francia».

Retiran o cadaleito. Comeza de novo a música arrepiante, con máis ímpeto e máis fogaxe. Voltan un a un os carteis do fondo do escenario que teñen letras escritas neles. Ao tornar un cartel, érguese un soldado. Agora pódese ler Breiz Atao. Os soldados sacan as súas cadeas e avanza cos brazos tendidos cara á xente. Perrot, ledado, vai onda eles.

Luces aos dous lados do escenario. Bob e Goulc'han miraban os actores. Os soldados que deixaron de actuar están a desmaquillarse.

GOULC'HAN: Resúltame difícil amosar que Perrot estaba de acordo con Breiz Atao.

BOB: Perrot era un Breiz Atao de pés a cabeza.

GOULC'HAN: Non podía estar de acordo cuns “pagáns modernos”. Olla o que escribía en *Feiz ha Breiz* co gallo da Bleun Brug de Lesneven en 1923: «Había na Bleun Brug de Lesneven uns mozos simpatizantes dun partido separatista e arrelixioso dos que pensan que a relixión é unha cadea e os católicos uns presos».

BOB: E por que mesturar sempre a Bretaña e a fe?

GOULC'HAN: Para Perrot non se poden separar estas dúas palabras. Ao seu ver todos os bretóns deberían ser cristiáns e o Emsav obedecer á Igrexa.

BOB: Ao carallo con esas parvadas!

ANDREV: Eu pensaba que Perrot era amigo de calquera que traballase pola Bretaña e o bretón. Xente moi diferente... coma o Yann Sohier, director da *Falz*, e que era comunista.

BOB: Sohier un comunista?! Vaia! Sohier era un Breiz Atao coma os demais. Todos os que defendían o bretón eran Breiz Atao daquela. No xuízo dos militantes de Roazhon en 1938 dixo Perrot: «Son os meus fillos... polo amor ao seu país». Porén eran dos Breiz Atao. Nin vermellos nin brancos, só bretóns!!

PASKAL: Perrot era ben branco, branco coma o leite.

GOULC'HAN: Non estaba de acordo nin con Mordrel nin con Lainé, no entanto impíos atraídos polo paganismo e o nazismo.

BOB: Non tiña conta dese tipo de ideas. Perrot era un Breiz Atao coma os outros.

GOULC'HAN: Non mesturemos o Perrot cos Breiz Atao. É un erro. Veña, fagamos de novo o último anaco da Primeira Guerra Mundial. Mais esta vez sen Perrot!

Voltan os actores ao escenario para repetir o último anaco da Primeira Guerra Mundial coas mans levantadas. Volve aparecer Perrot onda eles. Todas as luces acesas.

GOULC'HAN: Perrot! Fica no teu recuncho. Non veñas canda os homes e as mulleres Breiz Atao. Repitamos! Música e luces, por favor.

TÉCNICO: Deberíades pórvos de acordo a unha semana da representación.

GOULC'HAN: Que lle picou a este tamén agora? Unha... dúas... tres!

Repiten ese anaco. E Perrot volve mesturarse cos soldados.

GOULC'HAN: Outra vez! E que non queres comprender?

BOB: Non o pode evitar! Catívano os breiz atao, aínda que non o queira.

Ligan a radio de novo. Os actores quedan escoitar as novas.

RADIO: Novas de Skrignag. Veñen de escoitar que o grupo X que quere recuperar a liberdade da Bretaña puido estragar o monumento aos mortos...

De súpeto Goulc'han apaga a radio.

GOULC'HAN: Basta! Sigamos!

ANDREV: Perrot estaba interesado por calquera persoa e calquera asociación que traballase polo bretón, sen lle importar quen fose. Só tiña dous inimigos: a lei en contra do bretón e a lei laica en contra da relixión. Decía Perrot: «As escolas sen lingua bretoa son igual de más cas escolas sen Deus». Non era un año cando loitaba contra os seus inimigos, non ho, éache un lobo!

Deixan arranxado o escenario para o seguinte anaco da obra. Achégase Nikol cunha fotografía.

NIKOL: Ollade o que atopei no faiado!

Xúntanse os actores ao redor dela.

ANDREV: A fotografía de Yann-Vari Perrot!

Cóllea e vai colgala enriba da porta, á vista de todos.

GOULC'HAN: Aquí viviu Perrot. A súa alma segue viva aquí.

PASKAL: A súa alma!

Marcha rindo e cantando unha canción sobre a borracheira. Escuridade. A canción segue ao lonxe.

4. O EIDO DOS CREGOS

No escenario unha muller de cincuenta anos con vestimentas tradicionais. Amólase ao oír o canto ao lonxe. Chegan ao escenario un mozo en roupa de voda, bébedo e bradando unha canción: a noiva ven atrás del, tirada por el. Dá mágoa vela. O seu marido guíndaa e roda polo chan. Senta nunha cadeira.

LOMIG FLOC'H: Bo día, vella. Veña, canta connosco. Hoxe é o meu casamento. Canta, mal raio!... Veña! Dáme sidra se non queres cantar.

MON: Nin cheirallo! Estás coma unha cuba xa.

LOMIG: Coma unha cuba, eu? Faría falta unha barrica de viño para que colla unha prea. E se cadra mexaríaio todo antes de ter a lingua grosa. Sidra, axiña!

MON: Ben. Dareiche sidra pois casas.

Vai procurarlle unha xerra de sidra e unha cunca.

LOMIG: Ti polo menos sabes de homes. Dáme que imos entendernos ti e mais eu.

Mon dálle unha cunca de sidra.

MON: Aí o vai! Bebe, rapaz, pois hoxe casas.

LOMIG: Aquí son eu o patrón. Todo isto é meu. Todo meu! Meu! Olla para min, Mac'harid. Pero olla para min! Prefíres os curas, eh! Veña, bícame... bícame!

Colle a súa muller e bícaa dun xeito desprezábel. Mac'harid deféndese. Mon tenta separalos ao ofrecer sidra a Lomig.

MON: Bebe esta sidra tan boa! Veña, bebe, que hoxe é o teu casamento!.

Coma unha trompa e con lume e tolemia nos seus ollos, Lomig érguese da cadeira.

LOMIG: Todo isto é meu. De Lomig Floc'h. Todo isto é meu! Se me vise miña nai! Ela, unha pobre. Que leda estaría de ver que sentei praza. E todo grazas aos curas.

MON: Veña, bebe! Bebe ho!

LOMIG: Os curas son os que me deron todo isto.

MON: Bebe desta tamén. Éche moito mellor. Bebe!

LOMIG: E ti, vella! Vella lurpia. Por que queres que beba? Non queres que me deite coa túa filla, non é? Prefires que se deite cos curas. Dío... Veña, déixame tranquilo. Por que queres emborracharme? Queres matarme? Confesa!

Colle a súa sogra polo pescozo e esgánaa coas mans. Caen ás balouçadas no medio dunha música atolada e luces vermellas... Escuridade.

Cando volven as luces están os tres actores sacando a súa roupaxe e arranxando o escenario. Mac'harid vai sentar nun recuncho do escenario. Outros catro actores, con roupaxe de crego, achéganse a ela moi quedos, danzando e chiscando os dedos coma no filme West Side Story. En chegando ao seu carón paran.

CREGO 1: Como cha xogaron? Así?

CREGO 2: Non! Foi che así.

CREGO 3: Frío, frío. Foi desta maneira.

CREGO 4 : Non ha ho! Foivos como eu volo digo

Recole os baixos da súa sotana e bota a correr atrás de Marc'harid. Os outros fan o mesmo. Ao chegaren ao máis alto do escenario paran formando unha ringleira, xiran a cabeza cara ao público e fan unha reverencia antes de liscaren a rir. Nese intre aparece Goulc'han no escenario.

GOULC'HAN: Cago na hostia! Eu pensaba que non ía haber ningún cura nesta peza. Coido que é aínda peor cas outras obras.

NIKOL: Non sería mellor amosar esta parte despois da conversa entre o doutor e o irmán novo de Marc'harid?

GOULC'HAN: Prefiro amosar primeiro a parte máis crúa para chamar a atención da xente.

NIKOL: Coido que non van comprender ben a obra de teatro do enguedellada que é.

GOULC'HAN: Non hai que aclarar sempre as cousas. É mellor facer sentir. O que hai que amosar é como acolleron os católicos a novela e a obra de teatro de Yves Lefebvre.

NIKOL: E que ten que ver Perrot niso?

GOULC'HAN: Ao Perrot, coma os outros curas, amolouno esa obra de teatro, *La Terre des Prêtres*. Houbo un enfrontamento entre os laicos e os crentes arredor do ano 1932. Unha compañía de París veu representar a obra de teatro na Baixa Bretaña. Perrot leva xente moza de Skrignag para armar unha barafunda na sala de teatro de An Uhelgoad, durante a representación. Para el a cousa pintaba mal: veláí os seus dous inimigos, os laicos e os detractores do bretón mofándose da Bretaña e da fe. Non podían quedar de brazos cruzados.

NIKOL: Coido que o meu pai tamén foi a Landerne cos padres capuchinos en 1932. Co gallo dunha misión foron para impedir a representación da obra de teatro. Había policía defendendo os actores. Houbo unha gran lea. O meu pai levou un pau no cocote. Di que sempre lle doe a cabeza cando cambia o tempo.

GOULC'HAN: Nós tamén imos levar uns paus con esta obra. Iso se non nos pexan a actuación.

NIKOL: Xa o veremos... Que cómpre pór agora no escenario?

GOULC'HAN: Só dúas cadeiras.

Deixan dúas cadeiras no escenario e marchan. Escuridade. E luces de contado. Dúas persoas están de pé a carón das cadeiras. Un cura novo, o irmán da Marc'harid, e un médico.

MÉDICO: É un crime! Un crime!... Perdoe, abade. A palabra pode soar algo forte, xa o sei.

CREGO: A palabra non me ofende. Afondo na miña conciencia de crego que é severa e que desexa ser xusto e coido que non ten razón. Non esqueza que este casamento se celebra coa aprobación de Marc'harid.

MÉDICO: Coa súa aprobación?

CREGO: Coa súa aprobación formal e libre.

MÉDICO: Non dou creto. Tiña que estar aterrecida. A súa vontade tornouse a dela. É vostede quen debe impedir ese casamento.

CREGO: Non farei nada. Lomig é violento e alcohólico. Correspóndelle a Marc'harid corrixir eses defectos. Esa será a súa penitencia neste mundo. Parece ignorar, doutor, a grandeza do seu pecado.

MÉDICO: Oh!

CREGO: O pecado é tan grande que en verdade ela debería semellarvos indigna dese Lomig.

MÉDICO: Como pode falar así, vostede, un crego, seu irmán?

CREGO: Falo con coñecemento de causa, sen paixón, precisamente coma un crego. É unha falla grande dabondo xa pecar contra a castidade e a virxindade. Aquí o pecado é cen veces maior. Vostede sanda os corpos, doutor, non sanda as almas. Non coñece o abismo de impuridades que é o corazón das mulleres. Non escoitou as súas confesións. Descoñece as súas verdadeiras feridas e as súas verdadeiras úlceras. Seguen sendo as fillas da primitiva Eva, rexoubeiras e perversas. Todas elas levan a pegada da serpe. Arrepíome cando pola miña condición de crego teño que descender a eses abismos. Só dou saído coas oracións. Porén recoñezo que nunca tería pensado tan mal de Marc'harid. Se as mellores lle son así, xulgue vostede como poden ser as outras. Aínda matino como puido levantar o seu ollar impúdico, o seu desexo abominábel, cara a un crego, como ousou perpetrar con el a obra da carne...

MÉDICO: E el? Que pensa vostede del?

CREGO: Non o xulgo. Non teño dereito a xulgalo. Sincerouse do seu erro co seu confesor e co seu bispo. Son eles e Deus os que o deben xulgar: condenalo ou absolvelo.

MÉDICO: Erro para el e crime para ela. Hai nisto, abade, unha inxustiza que me turba. Condena Marc'harid a unha vida miserábel da que a única saída é a morte mentres que o seu cómplice voltará ao seus ministerios coma se nada sucedera.

CREGO: Non vai esixirme agora tamén que obligue ese crego a deixar os hábitos. Non se trata só de Marc'harid. Semella ignorar que o escándalo tería repercusións na Igrexa.

MÉDICO: Entón sacrífícaa á Igrexa?

CREGO: Á Igrexa e a Deus. Vaime reprender? Si, sacrífícoa á gloria e á paz da Igrexa. É o meu deber, é o deber de Marc'harid, é o deber de todos nós. Non podemos entregar aos nosos adversarios a arma envelenada deste escándalo nesta Bretaña que fica a rexión máis devota e a máis católica. Antes ca iso, calquera cousa, mesmo un crime. Nestes tempos de dor nos que as treboadas atacan por todos os lados a barca de Pedro, nos que os nosos inimigos son máis afoutos ca nunca, nos que a masonaría, institución satánica, pensa que nos venceu e soterrou, cómpre moito máis ca unha fe morna. A Igrexa precisa de soldados máis ca de devotos...
Marc'harid, achégate, temos que che falar!

Aparece Marc'harid no escenario, coa cabeza baixa, pesarosa e vergoñenta.

MARC'HARID: Señor Moreau, hoxe sei cal é a gravidade da miña falla. Pido sinceramente perdón a Deus. Estou disposta a sufrir todas as penas que me queira inflixir.

MÉDICO: Deus perdoouna, miña filla.

CREGO: Non debemos prexulgar a súa vontade.

MARC'HARID: Son unha pecadora, unha gran pecadora. Son unha alma en pecado mortal que albisca as lapas do inferno. Castígueme, meu Deus, flaxéleme, fírame no meu corpo e na miña carne.

MÉDICO: Marc'harid!

MARC'HARID: O meu casamento con Lomig Floc'h élle pouca cousa comparado co meu pecado. Entrégolle un corpo e unha alma luxados. Desexo merecer o seu perdón mediante toda unha vida de sufrimentos e humillacións. Flaxéleme, tortúreme, fágame sufrir.

CREGO: Deus outorgaracho, miña filla... Ve, doutor, Marc'harid actúa libremente.

Antes de rematar o diálogo óese un gran ruído na sala. Unha bandada de cregos escacharon a porta e entraron na sala. Tentan opor a xente da sala á obra de teatro, dicindo que é unha vergoña amosar este tipo de cousas neste país. Asubían, berran e guindan boliñas fedentas entre a xente que está no escenario. Achégase o médico.

MÉDICO: Escoitade. Non é máis ca unha obra de teatro. Deixádenos seguir!

Cada vez hai máis asubíos. Os cregos comezan a cantar Da feiz hon tadoù kozh xunto co público. Os actores cantan A Internacional. Os cregos seguen con Patronez dous ar Folgoad, os actores coa Marsellesa. Na sala hai unha mestura e un barullo. Soa un estoupido e pon fin á barafunda. Óese unha voz por un altofalante.

VOZ: Parade a representación desa obra! Se seguides, vai custarvos a pel. É unha orde do Gwenn ha Du!

Estrala unha gran gargallada. Aparece Jakez, orgulloso da súa brincadeira. Os outros mallan nel e guíndano a rolos polo escenario.

NIKOL: O parvo este outra vez! Paréceche que non temos problemas dabondo? Tanto che ten a xente? Es peor ca Lainé!

ANDREV: Non mesturemos Perrot e a violencia. «Liberar o noso país, si! Empregando só as armas que tiñan á man. Non á morte! Si á claridade!».

PASKAL: A claridade con Perrot? Tentando deixar o pobo na escuridade da Idade Media, manter os obreiros baixo o poder cru dos patróns. Mira, Perrot non era máis ca un reaccionario de merda!

ANDREV: Xa está de novo o bispo do sindicato da C.G.T!

PASKAL: O que está claro é quen era Perrot! Se puidese boicotearnos esta obra, abofé que o faría, como fixo con *La Terre des Prêtres*. Arrepiábanos as novas ideas. Era un lacaiño dos capitalistas.

ANDREV: E como non ía ter xenreira ás ideas novas, aos señores do francés? Estivo durante toda a vida a lle tentar abrir portas das escolas e da vida ao bretón. E que lle respondían? Prohibido falar bretón e cuspir ao chan! Por el futuro de la lengua francesa el bretón debe morir. «Un francés debe vivir por ella. Por ella debe morir un bretón».

JAKEZ: Tivo paciencia, demasiada paciencia.

NIKOL: Estade quedos, ho! Dende que veu Mordrel, que diga, Bob, a esta casa cruzáronselles os cables a todos. Hai algo nesta casa que nos fai tolear.

GOULC'HAN: A alma de Perrot segue viva aquí.

PASKAL: E dálle coa alma de Perrot!

Escuridade.

5. A BLEUN BRUG

Na esquerda do escenario achéganse dous rapaces cos blusóns da escola ao cabo dun terceiro e amósanlle unha moeda cun buraco no medio que pendura dun amalló.

NENO: O símbolo! Déronche o símbolo! Gua! Imos prestos ver o Padre Perrot.

Chimpan no escenario e marchan até o outro lado. A criada do crego aparece no escenario. Arreda os cativos.

CRIADA: Que vos pasa agora? O Padre Perrot non está na casa. Veña, pillabáns, ide para a escola.

NENO: Do you speak English?

CRIADA: Do you que? ¿Esas son las porquerías que os enseñan en la escuela?

Chega Perrot, coas mangas da súa sotana subidas, secando unha pota cun pano de cociña.

PERROT: Que pasa Maryann?

CRIADA: Estes, Padre Perrot, viñeron aquí para xirin... para amolalo.

PERROT: Déixeos estar, Maryann... E logo... que tendes, rapaces?

NENO 1: O símbolo!

PERROT: Trouxeche o símbolo. Fas ben. Non teñas vergoña de falar bretón.

Dálle unha moeda.

Cada vez que me traiades unha, botareina ao carneiro.

O segundo cativo, despois de coller o «símbolo», amósallo tamén a Perrot.

Ah! Ti tamén.

Dálle tamén unha moeda. O terceiro cativo vén a xunta del co mesmo «símbolo». Perrot leva o cativo con el.

Ben está falar bretón. Mais non é abondo. Aos bretóns cómprelles reaprender a historia do seu país. Sabes cal é a fermosa festa que se celebra hoxe?

NENO 3: Si, Padre Perrot. Hoxe é a festa da escola pública.

PERROT (*ollando mal para el*): A festa da escola pública!!! Non, claro que non! Hoxe é a festa da Bleun-Brug. Hoxe verás o teu país máis fermoso ca nunca.

Vese a Duparc falando encol dunha cadeira alta. Perrot quedou no curruncho máis baixo do escenario. O cativo, co «símbolo» na man, queda abraiado ao escoitar o arcebispo. Dúas bailarinas vestidas coas súas mellores galas agardan o comezo da música.

DUPARC: Es un gran honor para mí inaugurar este día o décimo quinto congreso de la Bleun-Brug que tiene como finalidad la promoción del ideal bretón. La fe y la Bretaña, como hermanas. Sin dejarse llevar por la utopía del separatismo, los bretones tienen derecho a exigir que se respeten sus tradiciones, su lengua, su fe. Nada de esto perjudica al patriotismo del pueblo bretón.

PERROT: Os pobos, coma as persoas, teñen dereito a vivir e se hai leis que os condenan a morte, esas leis son malas leis e só hai unha cousa que se pode facer con elas: abatelas e esmagalas cos pés.

Comeza a música de danza. As dúas mulleres comezan a bailar unha gavota». Óese ruído na sala. Un bufón con campaiñas cruza a sala até chegar ao escenario. Os outros fican abraiados no escenario.

BUFÓN: Mentira! Mentira! A Bretaña non se entregou de boa gana a Francia. A Bretaña foi saqueada pola Francia, abafada contra o seu gusto. A Francia rexeitou o acordo de 1532. Eís a verdade!

Dous carteis tórnanse no máis alto do escenario e amosan unha badeira branca e negra

Eis o Rei de Francia!

O rei avanza e saúda.

E Velaí a Duquesa Ana de Bretaña.

Avanza e saúda.

O rei da Francia ama profundamente a Bretaña... Que fermosa sodes, Duquesa. E como encolle o meu corazón cando vos vexo. Se aceptádeses a miña proposición de casamento sería o home máis feliz que existise na historia desta terra.

O rei axeónllase. A duquesa dálle as costas e move a cabeza para lle dar a entender que non acepta a súa proposición.

A duquesa rexéitao. O rei está moi pesaroso. Entón que pode facer. Vénlle unha idea á cabeza.

Saca o rei o seu pano e tírao aos pés da duquesa.

Bela Ana! Caéulle o pano do peto.

Anna xira a cabeza, ve o pano e acurúxase para o recoller. O rei ponse atrás dela e pégase a ela. O bufón corre a colocarse entre os dous.

En realidade foi así como a Francia anexionou a Bretaña!

Duparc, amuado, dá orde de quitalos do escenario. Perrot, riseiro, empúrraos para fóra da sala. Lainé e Mordrel quitan as máscaras e liscan a rir. Duparc fai comezar a danza outra vez. Perrot, ledó, baila na punta dos pés. Baixa Duparc da súa cadeira e vai xunto a Perrot bailando entre as bailarinas. O anaco que segue hase facer enteiro bailando. Perrot e Duparc discuten e sorrín cando as bailarinas están canda eles.

DUPARC: Si se deja dominar por unos exaltados va a llevar a la Bleun-Brug a la disolución!

PERROT: No somos separatistas. Para qua haya separación tiene que haber unión y la unión de Francia y Bretaña es muy cuestionable.

DUPARC: ¡Lamento que no tenga en consideración ninguna las recomendaciones tan elocuentes de su obispo!

PERROT: En lo que a mí respecta, no creeré jamás en el dogma revolucionario de una Francia una e indivisible.

DUPARC: Sólo conseguirá la independencia de Bretaña a base de sangre y ruina. Ahí es donde le llevarán sus sueños insensatos.

PERROT: Desafío a cualquiera que demuestre que nuestro objetivo es separar Bretaña de Francia. Desde hace algún tiempo se le llama separatista a todo aquél que trabaja por Bretaña y

dentro de poco el simple hecho de llevar una cofia bretona va a constituir un acto irredento de separatismo y de lesa majestad francesa.

Para a música. As dúas bailarinas quedan entre Perrot e Duparc, ámbalas dúas amoladas. Duparc, vira os carteis brancos e negros.

DUPARC: Escuche, padre Perrot, nada de política en el seno de la Bleun-Brug. ¡Conténtese de su papel cultural y religioso! Es un aviso.

Lisca, alporizado. Perrot persígnase namentres comeza de novo a música. Comeza de novo a danza de xeito clásico. Achéganse axiña dous bailadores vestidos con roupa moderna. Fan bailar bailes modernos ás rapazas. Perrot queda abraiado ao velos. Senta nun curruncho do escenario a rosmar.

PERROT: Danme noxo as accións que cada día se fan contra o noso país e o bretón. O bretón só sobrevivirá se chega a ser oficial. A fe só sobrevivirá cando haxa un goberno bretón que a garanta e defenda. Nós mesmos! E que me queda? Só chorar as ruinas? Emporiso continuemos a traballar e oremos.

As novas da radio interrompen as súas palabras.

RADIO: Skrignag. A cruz do padre Perrot, situada en Kroaz Ruz, foi derrubada polos partisanos de Skrignag. Queren lembrar con isto que Perrot estaba completamente de acordo cos alemáns durante a guerra. Acolía na casa reitoral inimigos e xente do movemento Breiz Atao. Facíalles caso e amais vendía maquis aos alemáns. O doce de decembro 1943, ao voltar da ermida de San Kaourintin, onde dixera unha misa, foi asasinado ao bordo do camiño dun tiro de revólver no cranio. Morreu á noite na casa reitoral, ben que perdera o coñecemento ao mediodía. Acudiu moita xente ao seu soterramento, aínda que pouca de Skrignag por medo a seren castigados polos maquis.

GOULC'HAN (*apagando a radio*): Non nos van deixar tranquilos con esta historia?

BOB: Chega nun bo momento. Que sona para nós!

GOULC'HAN: Mala sona.

BOB: É mellor unha mala sona ca sona ningunha. Aposto que ti tes medo de dicir «esta boca é miña»!

GOULC'HAN: Temos que vivir desta obra. Se a xente a mira mal xa te podes pór a pan e auga para teres algo que comer.

NIKOL: Censuráronnos xa en varios sitios. En Kemper, en Roazhon... Os da Resistencia chámannos simpatizantes da Gestapo, o vello Emsav chámanos traidores. Máis dun *breiz atao* tirará o seu derradeiro peido con esta obra.

JAKEZ: E por que o farían? Durante a guerra non eran tan medorentos! E os maquis? Cantos deles eran en realidade terroristas?

NIKOL: Os que mataron a Perrot abofé que eran criminais. Por iso non foron por aí a fachendear despois do crime. Foi un grande erro, recoñcérono máis tarde. Non atoparían ninguén para os defender.

JAKEZ: Tampouco os amigos de Perrot non o defenderon. Agochárense para que non lles ocorrese o mesmo, iso si. E despois da guerra quedaron agochados, co medo de diciren claramente o que pensaban. Agora tamén queren que calásemos nós... Gustaríame saber de verdade por que mataron a Perrot. Ninguén quería responder esa pregunta dun xeito claro. Porque era cura? Ou seica *breiz atao*? Ou seica polo interese que tiña por algúns alemáns? Porque tiña demasiada xenreira ao marxismo?

NIKOL: Vai saber! Se cadra o mataron por un motivo moito máis insignificante.

ANDREV: Disque o mataron porque o capitán da Resistencia tiña ciúmes del!

JAKEZ: Poida que si! Ta... ta... ta... ta... ta.

BOB: Non! Ta... ta! Só houbo dous tiros.

No outro lado da escena, Paskal segue coa súa roupaxe de bispo. Andrev, aínda coa roupaxe de Perrot, achégase a el.

ANDREV: Eh, Duparc! Sénteste cómodo na túa roupaxe?

PASKAL (*como espertando*): A miña roupa?... Non me chames Duparc. Eu non te chamo Perrot!

ANDREV: Éche difícil facer de bispo?

PASKAL: Éme difícil facer este papel contra o meu gusto.

ANDREV: É máis doado facelo contra o teu gusto ca contra o del. Non estabas tan desacougado con Perrot. Deixáchelo apodrecer trece anos aló no breixo vermello de Skrignag. Fuches ti quen o matou.

PASKAL: Eu? Perrot nunca se laiou. Mesmo gustaba de vivir aló. Non movería nin sequera o seu maimiño para marchar. Sempre o protexera e defendera.

Érguese, coma nun sermón.

Eu, Monseñor Duparc, abrinlle ao bretón as portas das escolas católicas, nas igrexas, na catequese. Pero, ti, Perrot, fuches demasiado lonxe. Non che abondaba traballar polo bretón e pola fe. Tiveches que seguir un grupo de insensatos que se mofaban de ti nas túas costas. A política estragoute. As boas xentes, arrepiadas, afastáronse de ti. Quedaches soño. Agora non te queixes. Xa che dixera eu que tiveses coidao!

ANDREV: Hai que pedir moito para obter algo. Os outros curas non levantaron nin un dedo para axudar a revista *Feiz ha Breiz*. Adotaron o francés e os novos costumes. Desleixaron o seu país e o seu pobo. E ti, Duparc, o mellor que sabías facer era xogar ser pequeno servente do goberno parisino para levar sona, pompa, honores e medallas a eito.

PASKAL: Basta, Perrot. Estaste pasando!

ANDREV: Anda! Que tes? Ti, o do Partido Comunista, agora defendes a Duparc. Ben, nunca tal vira!

PASKAL: Eu defender a Duparc? Xa nin sabía onde estaba. Esta sala ten un aquel que nos fai tolear a todos.

Senta outra vez e comeza a quitar a súa roupaxe de bispo. Chega Nikol cunha morea de xornais vellos cheos de pó.

NIKOL: A alma de Perrot é o que nos fai tolear a todos nós. Ollade o que atopei no faiado. Vellos xornais: *Feiz ha Breiz, L'Heure Bretonne, Breiz Atao, La Semaine Religieuse...* U-lo Goulc'han?

Nese intre chega Goulc'han cunha presada de papeis. Bob (Mordrel) e Jakez (Lainé) empúrrano e sácanlle os papeis.

GOULC'HAN: Dígovos que o tendes que facer así.

BOB: Amósame que estás a facer.

JAKEZ: Trae ese anaco de papel.

BOB: Non lle quitarías un bo cacho da Segunda Guerra Mundial á obra de teatro, non!

GOULC'HAN: Era iso ou... Compañeiros meus díxeronme que era mellor non falarmos desa parte.

JAKEZ: E quen son eses compañeiros teus? Oe! Que queda do «Gwenn ha Du» e da milicia Perrot. Eu aínda non actuei e xa estás a quitarme as partes que me tocaban.

BOB: Axiña nos porá a representar *Mouezh ar Gwad* ou *A Paixón* por non amolar a xente. Dáme esa obra de teatro.

Colle o caderno e tira cunhas páxinas. Goulc'han recólleas do chan.

GOULC'HAN: Pero que tendes vós os dous? Non sodes os mesmos...

MORDREL: Xa verás se calas.

ANDREV: Agora *Yann Landevenneg*!

Escuridade.

6. YANN LANDEVENNEG

No escenario dúas rapazas vestidas de marquesa. Hai unha relixiosa entre as dúas que lles aprende unha obra de Molière.

CATHOS: ¡Dios mío, querida! ¡Qué hundida tu padre la forma en la materia! ¡Qué espesa es su inteligencia y cuánta sombra hace en su alma.

MADELÓN: ¿Qué quieres, querida? Por él estoy sumida en confusión. Me cuesta persuadirme de que yo pueda ser realmente hija suya, y creo que, algún día, una aventura vendrá a desvelarme un nacimiento más ilustre.

CATHOS: Y yo lo creería...

Fica calada tentando saber qué vén despois. Logo de moita xeira, di dun xeito natural.

Carallo, non me lembro!

A relixiosa anóxase.

RELIXIOSA: Le prohíbo hablar bretón. Dígalo en francés, suena mucho más elegante en la boca de una jovencita como usted.

Perrot vén de se achegar a un curruncho do escenario xunto con mozos e mozas vestidos e enfeitados para representar a obra de Yann Landevenneg. Axudan a Perrot a pór as roupas do padre Yann, protagonista desa obra.

PERROT: Pequeña, cuando habla bretón hace que el Niño Jesús se ponga a llorar. En cuanto a usted, hermana, acaba de cometer un acto antibretón. ¿Qué pretende hacer de estas jóvencitas enseñándoles a avergonzarse de su lengua y de su cultura? ¿Unas desarraigadas, unas venidas a menos, unas preciosas ridículas, carne de la escuela pública, ou aínda peor, putas para seren enviadas a París?

RELIXIOSA: ¡Oh, padre Perrot, es vergonzoso lo que dice! ¡Su manera de mezclar chicos y chicas en su compañía de teatro es un escándalo! ¡Venga, niñas, no los miren!

O decorado está listo para actuar. Perrot, vestido de Yann Landevenneg, está de pé diante no escenario.

PERROT: A Bretaña salvarase unicamente cando os bretóns se sintan fachendosos da súa lingua. Primeiro cómpre aprendérselles a historia do seu país. A meirande parte dos bretóns nin coñecen os persoeiros que viviron ao cabo deles. Non saben nada de nada do seu país, non coñecen a beleza da Bretaña nin saben o rica que podería ser.

Ao fondo vese o mar a moverse ao outro lado dos tres arcos dun mosteiro. Óese ao lonxe un canto maxestoso. Achéganse ao escenario monxes vestidos todo de branco cantando. O solista, de vermello, atópase na outra beira do escenario.

SOLISTA: Daquela, hai agora mil anos, os normandos, xentes de raptos e lumes, facíanlles a guerra aos bretóns.

CORO: Unha guerra crúa, sementada de crimes e lumes. Os corpos dos santos, co medo de os perder, foron levados lonxe da Baixa Bretaña. Que mágoa! Que mágoa!

SOLISTA: Porén, o padre Yann sementara arredor semente elixida.

Achégase o padre Yann cun grupo de cativos aos que lles dá clase en bretón... Unha escola Diwan xa daquela!

SOLISTA: Con cativos ben criados dende meniños e despreocupados, a Bretaña Armórica pode existir por sempre.

CORO: Aleluia! Aleluia!

SOLISTA: Se un día cae baixo os golpes dos seus opresores, os seus fillos bos e honrados devolveranlle a súa sona.

CORO: Aleluia! Aleluia!

SOLISTA: Por moi baixo que poida caer un pobo, non creades nunca que está morto.

Os cantores marchan cantando. O padre Yann está fronte ao mar a ollar como se achegan os barcos dos normandos. Alanig vén xunta del escentellado.

ALANIG: Os normandos van caernos enriba. Dende aquí véñse mil mastros.

YANN: Si, Alanig. Os bárbaros do norte están a piques de caer sobre nos. É como para tremer pois non existe raza máis bruta cá súa no mundo.

ALANIG: Vencerémolos de novo como os venceron os meus avós.

YANN: Si, temos que defender a nosa terra, levantada polos nosos antergos e os santos devanceiros. E os bretóns, saberán loitar como o fixeron até o de agora?

ALANIG: Por que pensas que os fillos non serán tan bos coma os seus pais?

YANN: Xa me gustaría, xa.

Chega o abade Benead.

BENEAD: É horríbel! Van estragar a Bretaña e derrubar as igrexas.

YANN: Os bretóns son quen de os facer recuar.

BENEAD: Xa me gustaría, xa, mais a metade deles está a durmir. Agás as súas cousas, non lles importa nada. Tanto lles teñen -din- os asuntos do país.

YANN: Porén, os asuntos do país son asunto de todos e todos debemos defendelos.

BENEAD: Por desgraza, non somos máis ca unha presada para loitar.

YANN: Se cadra virán na nosa axuda.

Chega Amalgod, cunha espada, seguido de dous intrépidos guerreiros.

AMALGOD: Ao combate! Ao combate!

YANN: Hai xente lista para defender o seu, Amalgod! Recoñezo a chamada do sangue fervendo no teu corpo.

AMALGOD: Subirei aos montes coa corna da guerra para chamar a todos ao ataque.

BENEAD: E cantos sodes?

AMALGOD: Trescentos.

BENEAD: E que farás con trescentos? E a metade deles nunca foron combater.

Bota un forte berro e aparece Derig no escenario.

DERIG: O rei de Kerne anúnciavos que non pode facer nada por vos.

YANN: Que escusa atopou esta vez para quedar na casa?

DERIG: Escusas baratas.

AMALGOD: Élle demasiado pesada a coroa de Alan o Grande. Évos un medorento e cos medorentos non hai nada que facer. Os mellores países pérdense con xente así.

BENEAD: O rei do Poc'her fala de marcharmos a Inglaterra coa súa xente.

AMALGOD: Agocharnos en Inglaterra? Iso sería negligencia e traizón.

YANN: Este é o castigo por ficarmos demasiado tempo sen facer ren polo país.

BENEAD: Non podemos facer nada máis: temos que liscar.

YANN : Cara a onde?

BENEAD: Cara a Galia. Aló outros bretóns ergueron un novo país.

YANN: Os desterrados non teñen país ningún.

AMALGOD: Eu digo que temos que loitar.

Óese a chamada dun sino. Pasan por diante do escenario monxes levando tesouros cara ao desterro.

BENEAD: Non oídes o sino dos lumes? Achéganse, temos que marchar.

Marcha atrás dos monxes.

ALANIG: Adeus, padre Yann. Debo marchar.

YANN: Di adeus á túa terra. Ámala?

ALANIG: Claro! Coma a miña nai. E que farei por ela cando medre?

YANN: Traballar por ela, erguela de novo aínda máis fermosa e venceres todos os seus inimigos... E sigue a falar bretón.

ALANIG: Non se preocupe, seguirei a falar bretón.

YANN: escoita!

GWEZHENOG: A voz dos medorentos!

YANN: Non, a voz dos prudentes.

Alanig marcha tamén tras os monxes.

GWEZHENOG: Vamos loitar. E ti, Yann, dános a túa beizón para irmos loitar polo noso país.

YANN: Sen pasarse!

AMALGOD: Entón que? Ceder? Denantes mortos!

YANN: Mortos? Non! Loitar se cómpre, para coidar dos nenos, dos anciáns, das mulleres, dos monxes... Reservarse para o país até que chegue o día no que os bretóns sexan quen de se xuntaren todos para ceibaren o país. Hoxe eu tamén debo marchar.

AMALGOD: Voltarás, Yann?

YANN: Douvos a miña palabra. Hoxe debo obedecer, mais voltarei. O voso mestre é Alan, fillo de Mathudoe. Ides obedecelo?

TODOS: Absolutamente todos!

YANN: E seguilo até a fin?

TODOS: Até a fin!

YANN: E dar a vosa vida polo voso país?

TODOS: Si! Denantes mortos que escravos!

YANN: Ben! (*dito cun ton de cántico*) Que a beizón do Señor se estenda sobre os que van loitar polo seu país. E vencede os inimigos e botádeos todos para fóra até o derradeiro.

TODOS: A...li, alo, ali, alo... (*comezaron o canto como para responder « amén » e seguen coa música do canto alemán «Heili-Heilo»*).

Gwezhenog e Amalgod puxeron vestimentas da Gestapo cando Yann estaba a darlles a beizón. Ao ver Yann o traxe alemán amólase e quita as súas roupaxes de monxe. Está vestido de Perrot.

PERROT: Ti outra vez, Lainé! Ás miñas costas!

LAINÉ: Só era unha broma, don Perrot.

PERROT: Non se pode un rir destas cousas.

Aparece Benead no escenario. Quita as súas roupaxes de monxe. Vai vestido de Duparc.

DUPARC: Le sorprendo, padre Perrot, en compañía de estos iluminados. Usted no desea la unión con Francia. Recuerde que la separación sólo serviría para atraer la codicia de Inglaterra y lo que sería aún peor, de Alemania.

PERROT: Non estou tolo. Obedezo, só que non quero que morra o meu país. Non quero que a Francia o engula.

DUPARC: El futuro de Bretaña no va por el camino por el que desea llevar a las nuevas generaciones. No se haga ilusiones. No obtendrá un trato de favor.

PERROT: Uniuse a Bretaña á Francia e aínda así non a estragaron. Os arredistas son os que desexan separar a Bretaña da fe e sacar o bretón da boca dos nenos.

Achéganse Mordrel e Lainé, un a cada lado de Perrot. Lévano sentar. Perrot tenta liscar, mais Lainé agárrao pola sotana. De súpeto sóltase e vai cara a Duparc. Mordrel e Lainé tentan separalo outra vez de Duparc. Perrot, atrapado entre as dúas bandas, prefire agocharse e marchar do escenario. Atópase fronte a fronte con Goulc'han.

GOULC'HAN: Hai que cambiar a obra de teatro.

ANDREV: Que obra de teatro?

OS OUTROS: Que obra de teatro?

Achégase Nikol cun telégrafo sen fíos.

NIKOL: Mirade o que atopei.

GOULC'HAN: Un telégrafo sen fíos! Perrot tiña un na casa reitoral. Entón é certo o que dicía a xente!

ANDREV: E logo que dicía a xente?

BOB: Anda, mira se funciona.

Fuchica un pouco nos botóns. A radio comeza a presentar as novas de 1932.

7. BRANCO E NEGRO

RADIO: A las 4.30 horas de esta mañana una bomba hizo saltar el monumento de la Unión de Bretaña y Francia que se encuentra en la plaza del ayuntamiento de Rennes. La estatua, arrancada del zócalo, ha quedado espantosamente mutilada. Las ventanas del ayuntamiento, del teatro y de las casas colindantes saltaron por los aires. ¿Quiénes son los autores de este vil atentado que coincide con las fiestas conmemorativas celebradas ese mismo día en Vannes?

Volta a claridade. Dous xendarmes están ao teléfono.

LOM: Ola, ola! Hai un cuarto de hora que estou a berrar e non hai ninguén ao outro lado.

LAOU: Cala un momento e así oirás algo.

LOM: Ola! O comisario Jeremi, está xordo? Cago nas mil e unha conas!

LAOU: Só unha. Só unha cona.

LOM: Só unha cona?

LAOU: Non responde ninguén e non responderá ninguén. A esta hora o comisario está coa súa amiga, comprendes? Só unha!

LOM: Ai, meu! Esas cousas enténdochas axiña. Échevos un touro, un xato, un cuxo!

Chega o comisario Jeremi, botando os folgos. Quita o abrigo ao falar cos dous xendarmes que se ergueran para o saudar.

JEREMI: Ben, que pasou?

LOM: Dende hai unha media hora estou...

JEREMI: Cala a boca, ho! Que pasou?

LAOU: Non oíu un estouro arrepiante?

LOM: Un pum e un pumba.

JEREMI: Oíno durmido ou esperto.

LOM: Seica non estaba na casa o señor comisario.

JEREMI: Papán! Que pasou?

LAOU: Escarallaron o monumento.

LOM: Esmendrellaron.

JEREMI: Que monumento e o de quen?

LAOU: O monumento da unión diante do Concello.

JEREMI: Meu Deus!

Esvaece. Os dous xendarmes séntano nunha cadeira e seguen a falar tentando o reanimar.

LOM: Ti sabías que a Bretaña se unira a Francia?

LAOU: Onde vai que sei iso!

LOM: E eu que o aprendín esta mañá! Antes os bretóns eran mestres no seu país. Dende hai catrocentos anos está anexionado o noso país a Francia. Nin o meu pai, nin a miña nai, nin mestre ningún aprendeume iso. Pai, nai e mestres son uns criminais!

LAOU: Abofé que a eles mesmos tamén non llelo dixeron.

LOM: E hoxe vaise conmemorar a unión en Gwened. Dáme a min que esa sorte de festa non lles gusta a todos.

O comisario acorda. Rifa nos dous xendarmes.

JEREMI: Quedades aquí mentres os criminais seguen libres!

Do teito da sala baixa unha barra de dinamita, paseniño, pendurada dun fío fino. Con medo, colle o comisario a carga e saca dela unha folla de pergameo. Le.

«Hoxe celebran os franceses o día que foron sometidos os bretóns hai catrocentos anos e anexionada a Bretaña a Francia. Seguimos a ser bretóns. Queremos que a Bretaña sexa rexida de aquí en diante por bretóns de raza para o maior ben do pobo bretón. Comezamos a loitar pola liberación do noso país no aniversario da súa anexión destruindo o símbolo da nosa escravitude, erguido polos nosos amos no centro de Roazhon, a nosa capital. Ordena...

Grande estoupido. Jeremi e os dous xendarmes caen ao chan. Nos carteis, volteados, lese: GWENN HA DU, é dicir, Branco e Negro.

JEREMI: Quen son o Branco e o Negro eses?

LAOU: Señor comisario, Branco e Negro non son nomes de xente. O branco e o negro son cores na política. «O branco e o negro están ben, mais o vermello é o que importa».

JEREMI: Branco... e... Negro. Son dous!

LAOU: Señor comisario, o branco e o negro son as cores da bandeira da Bretaña!

JEREMI: A bandeira da Bretaña! A Bretaña non ten bandeira!

LAOU: Xaora que ten!

JEREMI: Pero como, aínda seguides aquí os dous e Branco e Negro cabalgando?!

Chega o terceiro xendarme, ás présas.

XENDARME: Señor comisario, vin tres persoas pasear á beira do río Gwilen. Un grande, un pequeno e un mediano. O grande, grande coma unha escada; o pequeno, pequeno coma un macaco para rubir polo lombo do grande e plantarlle lume na pólvora.

Chega un cuarto xendarme.

XENDARME: Señor comisario, vin catro persoas cara ao xardín Thabor. Se eran vellos ou novos, non lle sei moi ben. Un era coxo, outro con xiba e os outros dous coma vostede e mais eu. E seica o coxo non era coxo, a xiba non era tal xiba e os dous que camiñaban de xeito normal eran se cadra chepudo e coxo, mais camiñaban ben. Caera a noite.

JEREMI: Xa vexo. As vosas explicacións son tamén brancas e negras. Escoitádeme ben. O golpe dérono Branco e Negro pola noite ou polo menos antes de que fose día. Á procura de Branco e Negro!

Achégase un cantante para entoar unha balada na sala, acompañado dun acordeón.

CANTANTE: Achegádevos a oír isto, bretóns

Sobre algo terríbel unha nova canción

Oh! E eu por contarvos isto, pesaroso estou

Malas novas aos bretóns que se achegaron até acá

En mil novecentos trinta e dous, o sete de agosto

No seu leito tremeu co medo a xente de Roazhon

Ao amencer e oír estoupar o trono

Ou un tiro de canón esnaquízalo todo

Erguéronse co seu pixama e non viron nada

Só un bufo de fume no aire aparecer

O capitán de policía que ben durmido estaba

De contado pon os pantalóns e vén a correr.

JEREMI: Velaí! É o branco! Persegúdeo e collédeo! Para o botarmos no caldeiro, e o enforcar e o destripar e o esnaquizar e o fusilar!

Achégase Perrot até o comisario e báixalle o brazo co que sinalaba cara ao cantante na sala.

PERROT: E tende aí unhas palabras ruíns! Eu ben sei que é mellor ir de boas coa xente. Mais cando se va de boas durante anos e non se é escoitado comeza un a fartar e cómpre ter coidado cunha persoa farta.

Achégaselles Duparc. Leva na man o xornal Feiz ha Breiz. Abálao diante dos ollos de Perrot.

DUPARC: Coide o que escribe no seu *Feiz ha Breiz*! Hoxe de novo caeu nun erro. Está de acordo co Gwenn ha Du. Está a meter a cabeza dentro dun pucheiro

Lainé xorde de súpeto no escenario.

LAINÉ: Demasiada paciencia e desleixo. É tempo de comezar coa loita para ceibar o noso país. A aqueles que queren rematar co bretón dámoslles un mes para abriren as portas das escolas á nosa lingua, de non o faceren... ratata pum!

JEREMI: Axiña aquí, xendarmes. Aí tendes o Negro! Collédeo e á cadea con el!

Emprenden correndo á procura de Lainé de socato. Duparc amósalles por onde marchou Lainé. Jeremi, ao pasar á beira do bispo, vaise axeonllar e bica a súa man tendida.

Marchan todos do escenario no entanto comeza o canto «Labour, Bara (Traballo, Pan)»).

Lainé corre entre os carteis; os xendarmes perségueno. Voltéanse os carteis, levan escrito «Labour, Bara» (carteis vermellos co martelo e a fouce).

MULLER: Loitamos por unha Bretaña vermella. Non queremos que os traballadores bretóns sexan asoballados por capitalistas bretóns.

Asoma Mordrel no lado oposto do escenario. Voltea o cartel vermello e aparece un trisquel negro no medio.

MORDREL: Frente a la formidable revolución que se prepara hay que actuar. Nuestro corazón desborda de repugnancia por el mundo moderno sometido a las leyes del beneficio. Rechazamos el dogma de la lucha de clases.

No fondo do escenario vese os xendarmes a correr atrás de Lainé. Non son quen de o apreixar. Lainé voltea un cartel no que hai pintada unha cruz gammada, namentres se oe unha marcha militar alemá. Os xedarmes liscan.

LAINÉ: Cunha bandiña de bretóns afoutados e afervoados faremos na Bretaña como fixeron os irlandeses no seu país en 1916. Hai que aproveitar as forzas e o poder da Alemaña en prol da Bretaña. A Bretaña salvarase con guerreiros e non con soñadores.

Mordrel voltea o seu cartel. Xorde a cruz gammada.

MORDREL: El fascismo tiene, a nuestro parecer, todo el prestigio del entusiasmo revolucionario aliado a la sabiduría experimental. Los suecos de cuerpo de alabastro que se unen a los africanos con patas de mono no saben lo que significa la Raza.

Aparece Delaporte no escenario.

DELAPORTE: La propagación de esas ideas de racismo y de teorías nordistas aleja a los jóvenes de lo real y hace de ellos unos utópicos peligrosos.

MORDREL: ¡Campesino! Cuando estés en el frente, uno de esos negruchos o un moro ocupará tu lugar en tu propia casa.

MULLER: Bretaña no es ni Iglesia, ni reacción, ni capitalismo y mucho menos fascismo. Libertad, igualdad, fraternidad tanto para los hombres como para los pueblos.

RADIO: Trece de marzo de 1938. Austria está anexionada ao Reich. Hitler está listo para se abalanzar sobre Checoslovaquia. Que farán Francia e o Reino Unido? Haberá guerra ou non?

MORDREL: ¡La sangre de los bretones les pertenece a los bretones!

Lainé chimpa ao escenario cun bote de pintura negra e unha brocha. Finxe escribir na parede.

LAINÉ: No a la guerra contra los checos.

Aprésano dous xendarmes. Préndeno como se estivese no xulgado. Achégase Perrot para falar aos xuíces...

PERROT: Lamento que el gobierno se obstine en prohibir la enseñanza del bretón. Qué son, al fin y al cabo, esas pintadas inofensivas en comparación con el lavado de cerebro sufrido por los bretones a base de ideas subversivas de profesores y periodistas. Señorías, no juzguen la resistencia como un crimen.

RADIO: Polonia foi invadida polas forzas de Hitler. O tres de setembro de 1939 queda declarada a guerra con Francia e o Reino Unido. Bretaña: Debauvais e Mordrel son condenados á morte...

Mordrel lisca do escenario. Lainé guinda os dous xendarmes a rolos e vaise agochar.

Escuridade.

8. A SEGUNDA GUERRA MUNDIAL

Un home, vestido coma Maurice Chevalier, baila coa música de «On ira pendre notre linge sur la ligne Siegfried».

Chega Mordrel á Alemaña co seu gabán e a súa mala. Atópase no Estado do Reich. Oéñse pasadas achegándose. Voltéase un cartel: Hitler. Mordrel, despois de ollar para el, pasa atrás doutro cartel: o seu propio retrato, á par co de Hitler. Fita a Hitler e vai apegar un bigotiño negro baixo o seu nariz na gran fotografía.

MORDREL: Veño á vosa procura de parte do pobo bretón. Pídlle a construción dun estado bretón ceibe. Estamos listos para acorrelo para acadalo e a seguilo até a fin... Que din os bretóns? Todos e cada un deles están comigo, seguíndome. Dous millóns, tres millóns de bretóns andando á unha cara ao obxectivo. Preparados a dar a vida polo seu país.

Deambula entre a xente falando con eles directamente.

Bretóns, reunidos hoxe neste campo, constrúamos un estado bretón ceibe coa axuda do nosos amigos da Alemaña.

HITLER: Xo, para o carro!!!

O cartel de Mordrel voltéase amosando, pola outra face, o retrato de Pétain ao mesmo tempo que se oe a voz do vello mariscal.

PÉTAIN: Con gran honor y por el bien de nuestros dos países, hoy me encamino hacia la colaboración.

MORDREL: Non vaia traballar á beira da Francia! A Alemaña non reconstruirá a Europa cos nosos peores inimigos!

Achégase Duparc cabo do retrato de Pétain.

DUPARC: Prevenimos al clero y a los fieles de la existencia de una campaña de separación bretona que organizan en estos momentos hombres condenados por tribunales franceses.

Estamos unidos indiscutiblemente a Francia. No la traicionaremos a la hora de la dolorosa adversidad, puesto que nunca los bretones cometieron traición.

Aparecen actores no escenario con cadeiras. Amáñanas para o lance seguinte. Mordrel topa con eles unha vez e outra. É obvio que amoca os que están a axeitar o escenario. El mesmo está amolado. Apaña a súa maleta e marcha do escenario. Escuridade.

9. O PARTIDO NACIONAL BRETÓN (PNB)

RADIO (*na escuridade*): Los jefes provinciales reunidos en Rennes dieron cuenta de la dimisión del señor Ollivier Mordrelle y nombraron por unanimidad al señor Raymond Delaporte a la cabeza del Partido Nacionalista Bretón y del periódico *Heure de Bretagne*. Raymond Delaporte, abogado en Châteauneuf-du-Faou, ex-presidente de la Bleun Brug, dimisionario del partido desde 1937, ha aceptado sus nuevas responsabilidades.

Cando se acenden as luces de novo o decorado está amañado: as cadeiras na parte dianteira nunha ringleira. A púlpito do PNB ao fondo. Perante o escenario a cadeira de brazos do director. Perrot entra na sala. Senta quediño en dúas ou tres cadeiras. Non lle vai ningunha. Entón colle e senta na pracenteira cadeira do bispo. Fai os acenos do bispo, con grande maxestade e ademán, coma con escarnio. Vén Duparc. Perrot, avergoñado, vai sentar un chanzo abaixo. Agardan. Velaí agora Mordrel a achegarse. A cada paso que dá, treme Duparc co medo. Perrot tamén se afasta del cando se achega. Mordrel senta lonxe dos outros. Óese música ao lonxe. Velaí a comitiva das Bagadoù Stourmen dúas ringleiras levando a badeira bretoa e as bandeiras do PNB Pasa polo medio un gaitero: é Lainé, con Remont Delaporte que o segue. Achéganse até ao escenario nunha ringleira . Sobe Delaporte ao púlpito.

DELAPORTE: Ao longo destes tres anos á cabeza do Partido fun estritamente fiel a estas tres máximas: orde, xente e sona! Deste xeito o noso partido chegou a ser o partido nacionalista máis forte que houbo nunca na Bretaña e o noso xornal o máis lido. Grazas ao noso esforzo e a nosa teimosía, acadamos este obxectivo; xa que tivemos que axeitarnos aos novos donos do país. Non rexeitamos a axuda de ninguén. Queremos manter abertos todos os camiños para o noso país no porvir. E se se constitúe unha Nova Orde na Europa, nós, bretóns, desexamos ser parte desa orde.

LAINÉ: Os franceses non se achegaron a nós malia que tentastes agrada-los. Nin os alemáns, nin os ingleses, nin tampouco os rusos. Xa non confía en nós ningún outro país.

DUPARC: Prohibo otorgar la absolución a los autonomistas bretones. Sólo se les podrá dar a condición de que se retracten expresamente de sus acciones pasadas y que prometan de forma también categórica que en el futuro no van a activar nunca más ese movimiento.

Chega xunta do Delaporte durante o seu discurso. Delaporte axeónllase. Perrot achégase a Delaporte.

PERROT: El PNB, dirigido por Raymond Delaporte, es un partido que no ha sido ni puede ser condenado por la autoridad eclesiástica, siempre y cuando se mantenga en la línea que sigue en la actualidad. No sucede lo mismo con algún que otro grupo bretón como el llamado «Servicio Especial», dirigido por Célestin Lainé, que es marcadamente neopagano. Se debe huir de esas agrupaciones como de la peste.

Érguese de novo Remont Delaporte xa que tamén se achegaba Mordrel á súa vez. Sinálao co dedo.

MORDREL: Delaporte! Dende hai tres anos que tes medo de ir até a fin na loita suprema do noso país. Racha agora co PNB pois os alemáns xa non lle teñen confianza ningunha e vén loitar na clandestinidade. Manter abertos todos os camiños para o noso país, dis? Acho que o que estades a facer é estancalos todos.

LAINÉ: Estades a estragar o PNB Non tedes máis dereito a empregar a palabra «NACIONAL». Acabouse o conto. O que falta no noso país son guerreiros. Tócalles falar ás armas!

Lainé está en pé no estrado a carón de Delaporte. Tenta derrubar o cabeza do Partido.

DELAPORTE: Non pode haber dous xefes á fronte do Partido. Gañaches demasiada influencia sobre os mozos do Partido. Xa non estamos a tecer no mesmo lenzo. Os que pertencen ao «Servizo Especial» han de saber que non poden combinar os dous partidos. Ten que ser un dos dous. Decidir entre o PNB e as SS!

LAINÉ: Mozos que amades o voso país, desexades loitar pola vitoria da Bretaña e a Alemaña? Queredes loitar a carón dos alemáns, non coma franceses, mais coma bretóns? Durante catro anos ficamos abafados sen podermos facer ren. En diante vai mudar todo.

Unha parte dos mozos segue a Lainé e deixa o PNB e as Bagadoù Stourm no medio do escenario.

LAINÉ: Os proclamo la primera formación bretona armada desde la disolución de la armada de los chuáns.

DELAPORTE: El partido proseguirá trabajando como antes por la conquista de la opinión bretona. Me niego a considerar como enemigos a los bretóns descarrilados que no saben nada de Bretaña.

Escuridade. Ruído de guerra. «O canto dos partisáns». Cando voltan as luces vese o símbolo das FFI no canto do PNB na fronte do estrado; unha muller, vestida de avogada ou xuíza, está a falar. Perrot e un mozo da Milicia Perrot están sentados, mortos, perante o escenario.

MULLER: Después de tanta angustia, después de tantas luchas abiertas y clandestinas, el día de la liberación acaba de brillar en nuestra amada Bretaña. Les debemos esta liberación a nuestros aliados ingleses, americanos y rusos. También se la debemos a este nuevo ente que lleva el nombre de Resistencia bajo todas sus formas y en particular a todas las tropas de la FFI que, arriesgando su vida, han ayudado a los Aliados. Frente a aquellos que deseaban la victoria de Alemania, los bretones casi unánimemente, habéis erguido vuestra cabeza orgullosos y habéis proseguido vuestro propósito con la determinación que constituye la esencia de vuestro carácter. Si los autonomistas bretones han cometido traición serán castigados. Si fueron autonomistas sin más, sin haber traicionado, es otra historia.

Érguese Perrot da cadeira. Saca a sotana que leva. Fica arestora cunha roupaxe branca coma o leite. Danza coma nun pesadelo. Óese música estarrecedora, mesturada con berros, laios, rifas, acusacións como «Traidor, vendido aos alemáns, cantos mataches? Cantos vendiches? Tes sangue de inocentes nas túas mans.»

«Perrot estaba a prol dos alemáns. Non tiña máis ca un devezo: a vitoria da Alemaña, a colaboración... Os que o axustizaron non son criminais, senón xusticeiros... Perrot era un traidor á Francia e á Resistencia.»

Óese un berro arrepiante. Axiña grandes luces. A porta está aberta, Goulc'han á súa beira. Hai un coitelo chantado no retrato do Perrot, no mesmo medio da cabeza. Os outros

actores acorren para ver. Goulc'han saca o coitelo da fotografía e amosállelo aos outros actores.

GOULC'HAN: Fíxoo un de nós!

JAKEZ: Carallo! No medio e medio da testa!

ANDREV: Outra brincadeira do Lainé.

NIKOL: A porta non está fechada. Calquera puido entrar na casa.

GOULC'HAN: Non! É algún de nós. Estou certo.

NIKOL: Non vaias acusar a xente sen probas.

GOULC'HAN: Sino da morte preto. Sabía que nos ía pasar unha desgraza. Fomos demasiado lonxe. Sacamos á luz demasiadas historias vellas. Ás veces é mellor deixar as cousas quedas. Non debemos luxar a memoria dos mortos, mesmo co gallo dunha obra de teatro. Achaba estar a facer unha obra a prol de Perrot. Vexo arestora que me encarreirastes mal. Puxéstesme na contra de Perrot.

BOB: Cumpría seres claro dende o principio. Tentaches amosar a Perrot de moitos xeitos diferentes, con olladas diferentes. Fuches ti o que sementou as malas herbas que están a medrar agora.

JAKEZ: Coido que fomos claros. Presentamos a Perrot como era na realidade. Pan por pan, sen lixos na lingua.

PASKAL: Cumpría dar a coñecer a historia como era daquela. Perrot non estaba arredado da vida do país nin da vida da xente. Para o poder comprender cómpre coñecer ben a historia. Nós non coñecíamos a historia.

BOB: A Perrot tanto lle tiñan a xente e a historia. Tíñavos unha crenza na súa testa, unha idea e ficaba extremadamente fiel a ela sen a desleixar endexamais. Até a fin!

PASKAL: No anterior anaco amosámolo consonte o PNB Quen sabe se é certo ou non?

ANDREV: Co PNB de Delaporte estaba de acordo, seguro. E dende logo, co de Mordrel e Lainé!

PASKAL: Perrot pensaba igualiño ca moita xente daquela. Non vos era diferente dos outros...

NIKOL: Non había moita xente daquela que arrufase dicir o que coidaba dos nazis como escribía Perrot nunha carta en 1943: «Cómpre non esquecermos que hai alemáns e alemáns, e que os nazis son neo-pagáns dos que é necesario rexeitarmos as súas doutrinas con horror por estragaren toda a orde cristiá».

Estaba a ler unha carta tirada do caderno de Goulc'han. Jakez salta encol del e ponse a rachar o escrito. Goulc'han tenta sacarlle a carta. Ármase unha lea entre eles no escenario...

ANDREV: Precísanse azos para afoutarse a escribir esa clase de carta en 1943. É manifesto que Perrot ía até a fin sen se render endexamais, acontecese o que acontecese. Unha persoa proba e honrada, un home!

GOULC'HAN: A xente que virá vernos actuar prérganos unha resposta clara á pregunta «quen era Perrot?». A vós non vos presta que se digan as cousas claras. No que é por min non proseguirei por este camiño. Non porei o meu nome a esta obra de teatro. Endexamais subirei outra vez a ese condenado escenario.

Baixa do escenario tras guindar o seu caderno, o cal foi caer a rebolos.

BOB: Dáme ese texto a min. Dende os comezos sabía que non irías até a fin da túa idea. Non es digno da túa obra.

ANDREV: Só estou seguro dunha cousa: cómpre que sigamos á procura da verdade. Estamos no camiño de a acadar. Seica a atopemos ou seica non. Esta obra de teatro só é un anaco da pescuda. Outros continuarán despois de nós. Esta obra preguntárase por vez primeira quen era Yann-Vari Perrot en realidade. Poida que por vez primeira habemos afoutar falarmos redondo e a boca chea sobre Yann-Vari Perrot. Non tentamos agochar nada. De todos os xeitos non hai nada que agochar. Aos que non lles presta que se faga esta obra de teatro é aos que teñen cousas que agochar. Se cadra agochase deles mesmos... Falemos agora da Milicia Perrot. O que máis estarrece a xente. Sei que foi fundada trala morte do Perrot. Sei que a Milicia nos ten feito moito mal. Aínda hoxe en día levamos a sona con este tema. Ou seica imos nós botarlles en cara aos francófonos os crimes cometidos por Francia en Alxeria, por pór un exemplo? Quero falar cun dos mozos da Milicia Perrot...

Abre un cartel. Un mozo duns vinte anos móntase no escenario. Leva un pantalón de soldado e unha camisa sen colo.

Tentar comprender como se atopou aló. Quero facerlle unha pregunta: e sabía o que estaba a facer? Ou cegábao o seu amor pola Bretaña? E cómpre que nós o xulguemos? Que faría o mesmo Perrot ?

PASKAL: Quedo. Non volvas subir ao escenario. Atoparás a morte no outro cabo.

ANDERV: A morte? Non teño inimigo ningún. De madeira é o escenario e de papel o texto. Non se mata unha persoa por un anaco de madeira ou un anaco de papel!

PASKAL: Unha obra de teatro éche máis arriscada do que pensas. O Perrot foi asasinado por un motivo máis miúdo. Por mor de palabras que voan co vento.

ANDREV: Para o carro. Quen me vai matar aquí? Tirade, ho!

Abre a peiteira como convidando a que lle disparen.

PASKAL: Non mataron a Perrot por diante!

BOB: Déixao falar, ho! Ao noso ver non tiñamos nada que agochar e agora estamos a coller medo.

Goulc'han, co seu bolso para marchar, cruza o escenario para saír pola porta. Volta a cabeza cara aos outros.

GOULC'HAN: Parade coa obra de teatro. Ollade os xornais. Cheirades mal. Non atopades ningúen no país que vos apoie. Estadés a inzar a desavinza entre os bretóns. Neste país hai cousas das que está prohibido falar... E ti, Perrot! Ficarás soño no camiño! Mesmo os teus amigos liscarán do teu carón.

Marcha.

ANDREV: Falarei da Milicia Perrot! Xa é hora de falar dela. Xa é tempo de desfechar os oídos atoados, abrir as bocas pechas.

Escuridade.

10. A MILICIA PERROT

VOZ (*na escuridade*): Nós non fomos nada máis ca soldados bretóns, só bretóns, a loitar só pola Bretaña dende 1532. Non formamos endexamais parte das SS Non prestamos nunca xuramento a Adolf Hitler. Vestimos o uniforme alemán porque era a única posibilidade que se nos ofrecía para podermos servir ao noso país coma soldados. Houbemos vestir calquera outro uniforme estranxeiro, se en levándoo puidésemos servir á Bretaña. Os homes da formación Perrot só eran ricos nas súas crenzas. Precisaban unha bandeira, un valedor. Escollemos Yann-Vari Perrot porque personificaba o patriotismo bretón e porque foi asasinado pola xenreira á Bretaña. Quíxose ver nisto unha manobra maléfica: que se vexa por fin a verdade, un xesto de recoñecemento e de amor.

Claridade. O mozo está sentado no medio do escenario como na cadea. A luz do día achégase a el a través dos barrotes apertados dunha pequena xanela por riba del. Óese cantar unha rula. O mozo ergue a súa testa e tenta abranguer o sol, a luz do exterior, a liberdade... Volve caer sobre o firme da cela, encartado o seu corpo coa dor e a desesperanza. Está rigorosamente preso no seu xugo. Trebella arestora coas súas mans e cos seus pés e troupela no chan de madeira un ton dunha gavota. Érguese e baila, os ollos ben pechados, ledo ao soñar na liberdade dos festoû-noz. Un ruído de pasos pesados, ruído dun exército ao marchar, vaise acrecentando e véñse mesturar coa gavota. Tenta agochar o fragor da batalla coa gavota. Non é quen. Cae de xeonllos ao chan. Atoa as súas orellas. Coma nun soño vén a súa nai, a súa amada, os seus amigos ao seu redor. Ao tentar cinguilos liscan coma pantasma.

VOCES: Onde estás agora, Lanig?

Virás á festa?

Son a túa nai. Que fixeches , meu fillo?

Rematou a guerra, xa podes voltar á casa.

Achégase Perrot ao mozo angustiado. Ponlle a man no seu ombreiro para o acougar.

VOZ (*gravada*): Sin lugar a dudas, es más difícil para aquellos que no han conocido esta época comprenderlo todo, admitirlo todo. En lo que a mí respecta se acabó la aventura. ¿Volveré a ver, en paz, las landas de mi Lanvaux, el río Vilaine, la iglesia donde hice mi primera comunión, mi escuela, la casa de mi familia? ¿Volveré a ver la tumba de mi padre, el rostro de mi madre? A medida que envejezco pienso en el retorno y ello se convierte en una obsesión.

Óese un tiro. Cae o mozo. Escuridade. Cando volven as luces, os actores están ao redor do escenario.

PASKAL: Oístes? Houbo un tiro.

ANDREV: Vaiche boa! O tiro está na obra.

PASKAL: Non está. Houbo un auténtico tiro.

NIKOL: Vinde ver aquí. Hai un buraco na madeira.

PASKAL: Antes non estaba. É o buraco do tiro.

NIKOL: Temos que o deixar. Ocorreu algo raro. Alguén tenta pexarnos para que non actuemos. Mais agora quen?

JAKEZ: Sodes uns cagados. Achégame o texto acó que lle fago uns arranxiños nun chiscar de ollos.

PASKAL: Tráeo para aquí. Ti non fas máis ca parvadas dende o primeiro momento.

JAKEZ: Parvadas, eu! Estou farto de vós. A falardes e perderdes a chola sen acougo. O que precisades é un médico para tolos e non un director. Teatro isto? Un hospital é o que é! Un hospital para tolos!

PASKAL: Eu non che vou responder. Agora vexo como fuches quen de te meteres tan ben no papel de Lainé. Es igualiño a el. Se non peor! Un facha arroutado.

JAKEZ: E ti comunista! E a ti tamén che era doado o papel do bispo, ho! Pois áchanse a extrema dereita e a esquerda moi preto unha da outra.

BOB: Haxa paz, nenos! Seguíamos e seguimos. Tiven que lle facer un arranxiño á obra de teatro. A xente vai quedar abraiada, mesmo marabillada. Temos que seguir o exemplo de Irlanda na Bretaña. Eu serei Patrick Pearse.

Andrev sácalle o texto.

ANDREV: Ti Patrick Pearse!!! Nunca tal vin! Pearse era cristián e celta. E ti es claramente ateo e estás podre do pensamento francés... Agora cómpre representar o lance de Katyn. Dez mil oficiais poloneses asasinados por Stalin. E Perrot escribiu un artigo incendiario na revista *Feiz ha Breiz* en 1943.

NIKOL: Para esa representación. Esqueceuno a xente xa hai moito tempo.

ANDREV: Hai que falar de Katyn e fareino.

PASKAL: Non subas máis a ese escenario. Vas levar unha boa.

NIKOL: Ollade cara ao escenario. Muda de cor. Está vivo. Vainos estragar!

ANDREV: Estragarnos, o escenario?

PASKAL: Ese escenario é perigoso. Se sobes a el non serás quen de baixar vivo.

NIKOL: Vas ficar soño se sobes.

ANDREV: Veña. Irei só se o preciso. Loitarei até a fin. Prefiro morrer no camiño coma un soldado ca nun leito de plumas.

Fica Perrot só no escenario. Os outros marchan.

11. KATYN

VOZ DE PERROT (*gravada*): En Rusia, nas fragas de Katyn, houbo hai dous meses un terríbel descubrimento: unha fosa chea de corpos de soldados. Leváronse a cabo axiña rigorosas pescudas cun equipo de médicos de ambos os dous países e persoas doutas. Chegaron a saber que a eses soldados non os mataran no campo de batalla durante o combate. Non, malpocados. Tiveran unha morte salvaxe. Moitos deles tiñan as mans ligadas e na testa, pegadas que amosaban que os mataran cun tiro de revólver no cranio. A roupa que vestían e os obxectos achados sobre eles indicaban que os coitadiños soldados eran oficiais poloneses. Atopáronse sete fosas grandes e, na maior delas, acháronse 2.500 corpos podres, algúns de cregos. Uns 10.000 poloneses morreron así a mans dos bolcheviques. Ese descubrimento estarrecedor amolou os señores de Moscova como queira que sexa un testemuño máis do que son capaces de facer en calquera país no que tomasen o poder: matar, matar! Os fondos bosques do noso país, a Bretaña, coma o de Krannoù e o de Kennekan, trocaríanse en Katynias: fosas de xente aniquilada coma gando polos servidores dos bolcheviques, os comunistas! Coitadiños, que pensades que os bolcheviques non son máis ca un espantallo, abéirevos Deus do fado dos soldados de Polonia.

Perrot avanzara. Os carteis que estaban no fondo soben ao escenario e veñen empurrado cara adiante mentres o arrodean. Non é quen xa de marchar. Cómpralle ir até a fin. Cae de xeonllos. Polo buraco do currunchido do escenario achégase unha luz vermella. Estarrica a man cara ao buraco. Hai sangue nela. No seu ollar hai arrepío e anguria. Soa un tiro. Ergue a cabeza, sobresaltado. Outro tiro e fica tendido no chan. Morre no mesmo lugar onde morrera no comezo da obra.

Aparecen os outros actores, impasíbeis. Na radio óese un partido de fútbol rematar. No campo de xogo hai unha lea, xente maltreita... Os actores, despois de recolleren os seus gabáns e bolsos, marchan da sala. Luces tenues sobre o cadáver de Perrot.

RADIO: La primera representación de la obra *Yann-Vari Perrot*, que debía tener lugar dentro de una semana en el Teatro, ha sido anulada, ya que un actor ha sido herido mortalmente en el transcurso de una representación. A las personas que habían adquirido entrada les será reintegrado el importe de la misma en la taquilla del teatro todos los días de la próxima semana, excepto el sábado, entre las 14.30 y las 17 horas.

Escuridade.

FIGURA 1: IMAXE DA PRIMEIRA PORTADA





FIGURA 2: SEGUNDA PORTADA DO LIBRO



FIGURA 3: CALVARIO DE PLOUGASTELL-DAOULAZ




FIGURA 4: CARTEL PROHIBICIÓN DA LINGUA BRETOA NAS ESCOLAS



(Véxase nota ao pé de páxina número 24)

FIGURA 5: DEBUXO DE R. CRESTON



(Véxase nota ao pé de páxina número 38 «Labour, Bara»)

APÉNDICE 1: KAN-BALE AR BEZENN PERROT MARCHA DA MILICIA PERROT

Hon tadoù o doa pleget, skuizh-faezh o vrezeliañ
Ha d'o heul, er c'hantvejoù, kabvestret ni a ya
Re bounner war hon divskoaz eo yev an estren kriz
Nann, n'omp ket mui evit soubañ rak e lezennoù strizh

Asinado: Kerlann (Delalande)

(Letra orixinal; tradución ao galego liñas 70-73)

APÉNDICE 2: FLEUR DE BLÉ NOIR

I) Sur les bord de la Rance Où j'ai vu le jour, J'eus la douce espérance. D'être aimé
d'amour. Dans une métairie Comme aide-berger Pour mieu voir ma jolie Je me suis
gagé.

Refrán: Non, nulle bretonne n'est plus mignonne à voir Que la belle que l'on
appelle: "Fleur de blé noir" Non, nulle bretonne n'est plus mignonne à voir Que ma fleur
de blé noir

II) Lorsque je l'ai croisée Un soir dans les blés Si fraîche et si rosée J'en fus aveuglé Et
ma lèvre ravie Murmura: Bonsoir Salut à vous Marie La fleur de blé noir

III) C'est dans les blés de même Par un soir doré Que je lui dis : Je t'aime Toujours
t'aimerai. C'est dans les blés encore Qu'au doigt je lui mis Un quinze Août à l'aurore
L'anneau des promis

IV) Allons, gas et fillettes Fauchez la moisson Car la récolte faite Nous nous marierons
Et puis dans la nuit claire Terre-tout rassemblés Nous danserons sur l'aire Où l'on bat les
blés

V) Vivant la vie heureux Que Dieu nous fera Attendons la faucheuse Qui nous fauchera.
Quand vous verrez que tombe Notre dernier soir. Semez sur notre tombe Des fleurs de
blé noir

Asinado: Teodor Botrel

APÉNDICE 3: PATRONEZ DOUS AR FOLGOAD

Patronez dous Ar Folgoad

Hor mamm hag hon Introun

An dour en hon daoulagad

Ni ho ped a galon

Harpit an Iliz santel

Avel diroll a ra

Tenn hag hir eo ar brezel

Ar peoc'h, o Maria !

Eus an Arvor, ar gorre

Ni 'deu d'ho saludi

Holl ez omp ho pugale

Holl ho karomp, Mari.

Tud ar gorre, Arvoriz

Diredet omp hirio

Da bedi 'vit an Iliz

Da bedi 'vit hor bro.

APÉNDICE 4: DA FEIZ HON TADOÙ KOZH

D'ar c'hrouadur bihan, e-kichenig e gavell,
E lakait ur vamm vat, en deiz evel en noz.
Er boan hag en anken, hi a daol buan ur sell
War groaz santel Jezuz, he soñj er baradoz.

*Da feiz hon tadoù kozh,
Ni paotred Breiz-Izel,
Ni 'zalc'ho mat atav;
'Vit feiz hon tadoù kozh
Hag en-dro d'he banniel,
Ni holl en em stardo;
Feiz karet hon tadoù,
Morse ni n'ho nac'ho;
Kentoc'h ni a varvo (3 veces)*

D'ar paotr, d'ar plac'h yaouank, c'hwi 'ziskouez hent ar furnez,
C'hwi 'lavar: It gantañ, hep krenañ dirak den.
Bezit, tud yaouank Breizh, bezit e-pad ho puhez
Atav gwir gristenien, treitourien birviken!

D'an den kozh, gwenn e benn, e korn an tan azezet,
O skuilh daeloù a geuz war e amzer gentañ.
War-lerc'h kalz a boanioù, c'hwi 'lavar Salver karet,
Er baradoz e vo, eürusted evitañ!

D'an den diwar ar maez, kenkoulz ha d'an den a vor

C'hwi a ro nerzh-kalon da stourm er boan atav
Gouzout a reont, en neñv e kavint holl dor zigor:
Ar vuhez vo bet tenn ; d'an drubuilh, kenavo!

APÉNDICE 5: HEILI HEILO

Título orixinal: Ein heller und ein batzen

1 - Ein heller und ein batzen, die waren beide mein,
ja mein, der heller ward zu wasser, der batzen ward zu wein,
ja wein, der haller ward zu wasser, der batzenward zu wein.

Refrán : heidi heido heida heidi heido heida heidi heido hei da la la la la...
heidi heido heida heidi heido heida heidi heido heida

2 - Die wirtsleut und die Mädél, die rufen beid: O weh! die Wirtsleut,
wenn ich komme, die mädél, wenn ich geh.

3 - Mein' strümpfe sind zerrissen, main' stiefel sind entzwei,
und drauBen auf der heiden, da singt der vogel frei.

4 - und gäb's kein landstraB nirgends, da säB ich still zu Haus,
und gäb's kein loch im fasse, da tränk ich gar nicht drauss.

5 - War das 'ne groBe freude, als ihn der herrgott schuf, ein kerl,
wie samt une seide, nur schade, daB er suff.

TRADUCIÓN AO FRANCÉS

1 - Un sou et un écu qui étaient miens tous deux, oui miens,
le sou était pour l'eau et l'écu pour le vin, oui le vin,
le sou était pour l'eau et l'écu pour le vin.

Refrán : heidi, heido, heida,

2 - Les aubergistes et les servantes disent tous deux : "O malheur !"
les aubergistes quand j'arrive et les servantes quand je m'en vais.

3 - Mes bas sont déchirés, mes bottes sont ouvertes et, dehors sur la lande,
l'oiseau chante librement.

4 - Et s'il n'y avait de route nulle part, je resterais tranquillement
à la maison et s'il n'y avait pas de trou dans le tonneau, je n'y boirais pas.

5 - C'était une grande joie lorsque le seigneur dieu l'a créé,
un gars en or, seulement dommage qu'il buvait.

APÉNDICE 6:

KANAOUENN NEVEZ WAR SUJED TORFED ROAZON NOVA CANCIÓN SOBRE O CRIME DE ROAZHON

Dedostait Bretoned ha c'whi 'glevo kement-mañ
Ur sonenn nevez war ar sujed ur gwall dra
O! Na din eo ranngalon kontañ deoc'h kement-mañ
Gwall geloù d'ar Vretoned zo deredet amañ

D'ar seizhvet a viz Eost, naontek kant daou ha tregont
Tud Roazhon en o gwele 'deus krenet gant ar spont
Da c'houlou-deiz o klevet ar gurun o tarzhañ
Petramant un taol kanon o freuzañ kement tra

Savet e lost o roched int ne weljont netra
Nemet ur bouilhad moged en aer o tispakañ
Kabiten ar bolised hag a oa o kousket-mat
Buan a lak e vragoù hag a zered timat.

Asinado: Un melancólico

(Letra orixinal)